

ANDREAS KARKAVITSAS

O esmoleiro

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

I

UN ENCONTRO DESAFORTUNADO

A vila de Nychteremi non se conta, dende logo, entre as poboacións importantes de Tesalia. Guindada alí, no esteiro do río Peneo, na depresión da fértil chaira que se estende en forma de triángulo dende a frondosa base do Kissavos¹ até a saia do Olimpo, parécese moito á localidade veciña de Laspochori. Ambos os lugares son como dúas pingas de auga, uns auténticos xigantes inzados de espesa vexetación e aletargados por mor das mefíticas emanacións das brañas. Coas súas chabolas, nas que conviven en harmonía animais e seres humanos; cos celeiros nos que se garda o millo, inverno e verán; coa residencia do *bei*², alta e arrogante no centro, e mais

¹Tamén coñecido como monte Ossa, ao sur do monte Olimpo.

²Dentro do Imperio Otomán, nome co que eran coñecidos os gobernadores dun distrito, cidade ou provincia. A Grecia actual naceu como Estado en 1830, logo dunha Guerra de Independencia contra os otománs (1821-1829). O seu territorio abrangúa inicialmente a península do Peloponeso e unha estreita franxa ao norte desta. A vila de Nychteremi está en Tesalia, aínda máis ao norte, rexión que pasou a formar parte do Estado grego despois da Conferencia de Constantinopla (1881). Como parte do pacto entre os dous países asinantes, Grecia comprometeuse a respectar a relixión de cadaquén, e tamén a manter as propiedades

coa pequena e cativiera capela nun dos extremos, Nychteremi ten ese aire de pobreza e temor propio de todas as vilas da chaira, servís e indignas de existencia.

Era domingo, ao solpor. Case todos os homes da vila estaban reunidos dende que rematara a misa diante da casa-tenda de Magoulas, enfrascados nunha viva conversa. Os *giapiá*³ –os bancos de terra nos que adoitan pasar a vida os aldeáns de Tesalia– erguíanse, acabados de calear, a ambos os lados da porta baixa, e servíanlles de asento e leito.

Alí deitado, Paparrizos, un velliño miúdo e estransillado, con calcetíns gordos, camisa de satén até os xeonllos, capote de la negra e barrete descolorido, sostíña un anaco de papel e soletreaba con dificultade as palabras, acenando coa man namentres lía. Rantzakos, o alguacil, un sesentón graúdo, de cabelo e barba grises, con chaqueta e calzóns, tombado cabo do pope, axudábao na lectura e moitas veces corrixíalle a interpretación das palabras. Magoulas, un home na corentena e con boa presenza, co mandil de algodón que acostumaba levar, non tanto para protexer os calzóns medio luídos como para deixar claro que era o único tendeiro da vila, escoitaba con grande atención, coa perna subida ao *giapí*, o cóbado sobre a perna e a cabeza repousando na man. De cando en vez virábase e tamén engadía algo a xeito de explicación.

Os demais, Chadoulis, Birmipilis, Tzoumas, Krapas, mozos e vellos, estaban axeonllados arredor do banco, medio sentados, inclinados ou ben ergueitos, apoiados nos seus grosos caxatos, cos cabelos longos e espeluxados caídos arredor dos seus pálidos e secos rostros; coas casacas,

da abondosa poboación musulmá da rexión: por iso nesta parte de Grecia seguiu habendo *beis*, xa non como parte da administración imperial turca, senón como ricos terratenentes.

³Pequenas estruturas de terra compactada nas que sentar ou deitarse.

abertas até a metade, sucias e desgastadas pola suor e o paso do tempo; cos peitos negros, ásperos e poboados, como un terreo inculto e cheo de cardos; cos calzóns descoloridos e mil veces remendados; e cos pés envoltos en grosas medias de la e calzados cun anaco de pel de porco sempre húmido. Todos eles escoitaban atentos e, dependendo do que oísen, mudaban a expresión da cara e a posición do corpo. Ora un abaneaba a cabeza en sinal de negación: «Non, non é así, non!»; ora outro expresaba a súa indolencia: «Ai, meu, déixanos en paz, ho!»; ora un terceiro abría a boca e sacaba a lingua a modo de mofa; outro virábase cara a outro lado, farto; outro escaravellaba co pé na lama, ensumido nas súas cavilacións; un abría e pechaba os ollos, e outro mastigaba sen parar –malia non ter nada nos dentes–, só por hábito, coma os ruminantes. E, de socato, a un tempo, daban en inclinar o corpo en dirección a Paparrizos, intentando comprender unha frase difícil. Así que a pillaban, volvíanse cara ao veciño e o seu impresionable sistema nervioso manifestaba toda a súa enerxía, co resplandor propio dun lóstrego, e inundaba os seus pequenos ollos cunha mestura de anoxo e repulsa.

E non era sen motivo que aqueles *karagkounides*⁴ amosasen tanta curiosidade. A carta que estaba a ler Paparrizos era de Lárisa, do avogado, e contiña novas que afectaban á súa situación, á súa existencia.

Xacando, no tempo dos seus bisavós, Nychteremi, como as demais poboacións da contorna, padecera o goberno de Alí Paxá⁵. Este era todopoderoso en Ioannina, e

⁴Con este nome son coñecidos en Grecia os habitantes das chairas occidentais de Tesalia, no norte de Grecia.

⁵Alí Paxá de Tepelenë ou de Ioannina (1741-1822), coñecido como o León de Ioannina, gobernou o territorio do Imperio Otomán coñecido como Rumelia (ver nota 15).

